

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 5/2021

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 4 DE MAIO DE 2021

ORDE DO DÍA

1. Ratificación da urxencia
2. Aprobación definitiva da modificación orzamentaria Nº 23/2021 Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario financiado con remanente líquido de Tesourería. Expediente 830/441 (Rexistro Pleno 2922/1101).

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón (P)
Aguiar Castro Yolanda (T)
Aneiros Pereira Jaime (P)
Blanco Iglesias Eugenia Dolores (T)
Caride Estévez María José (P)
Espinosa Mangana Elena (P)
Estévez Rodríguez Pablo Luis (T)
Fernández Pérez José Manuel (T)
Gómez Díaz Gorka(P)
Iglesias González Ana Laura (T)
Lago Barreiro María del Carmen (T)
López Font Carlos (P)
Losada Alvarez Abel Fermín (T)
Mejías Sacaluga Ana Maria (T)
Pardo Espiñeira Francisco Javier (P)
Rodríguez Calviño Patricia (T)
Rodríguez Díaz Santos Héctor (T)
Rodríguez Rodríguez Nuria (T)
Silva Rego M^a Carmen (T)

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Egerique Mosquera Teresa (T)
González Castillo Jesús Marco (T)
López Román Patricia (T)
Marnotes González José Alfonso (P)

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (T)
Pérez Correa Ruben (P)

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier (P)

NON ASISTEN:

Rivas González Ángel, concelleiro grupo municipal Socialista.

Con motivo da situación sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 e de conformidade co sinalado na Resolución de 12.06.2020 da Secretaría xeral Técnica da

Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a sesión celébrase mediante asistencia presencial (P) e asistencia telemática por videoconferencia (T).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día catro de maio do ano dous mil vinteun, baixo a Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abél Ramón Caballero Álvarez e a asistencia presencial e telemática dos concelleiros e concelleiras relacionados, actuando como Secretario Xeral do Pleno D. Jose Riesgo Boluda, presente na Sala, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación municipal do Concello de Vigo en sesión EXTRAORDINARIA E URGENTE conforme Resolución de convocatoria de data 3 de maio de 2021.

Está presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, D. Alberto Escaríz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.(86). RATIFICACIÓN DA URGENCIA

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

2.(87). APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 23/2021 SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA. EXPEDIENTE 830/441 (REXISTRO PLENO 2922/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 7 de decembro de 2020, o concelleiro de Orzamentos e Facenda emite a seguinte proposta,

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de marzo de 2021, aprobou a Modificación Orzamentaria Crédito Extraordinario-Suplemento de Crédito nº 23/2021, correspondente ao expediente 830/441, sendo os empregos os relacionados no mesmo e na proposta, que teñen por obxectivo a execución de novos proxectos así como o remate de outros en execución.

Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda en sesión extraordinaria de 25 de marzo de 2021 sobre as emendas presentadas e a proposta ao Pleno.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión Ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2021, aprobou inicialmente a modificación orzamentaria nº 23/2021, tramitada no expediente En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, o Expediente foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 62 de 5 de abril de 2021, comenzando a exposición pública o día 6 de abril e rematando o 26 do mesmo mes.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta e incorporada ao expediente electrónico emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, unha alegación que forma parte da documentación que conforma o expediente 830/441, alegación que asina D. Antonio Collazo Collazo, DNI 35891051B, como Presidente da Asociación Veciñal de Teis, cuantificada en 2.710.000,00 euros.

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais e as modificacións de crédito de competencia do Pleno. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No informe que figura no expediente, enuméranse as principais limitacións tanto en relación cos suxeitos como as causas obxecto de alegación. Tendo en conta o informe, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO..."

Deseguido o concelleiro formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente de 30.04.21, rexeita a emenda e ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

Incidencia. Auséntase a concelleira Sra. Espinosa Mangana.

VOTACIÓN: Con dezoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e sete votos en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- INADMITIR a alegación presentada por D. Antonio Collazo Collazo, co nº de rexistro do documento 210069919, por non estar nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL nin conformar unha alegación, senón a solicitude dunha modificación de créditos adicional financiada con Remanente Líquido de Tesourería.

SEGUNDO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 23/2021, Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario, correspondente ao expediente 830/441 por unha contía de 13.091.535,82 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan. A modificación orzamentaria financíase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, cuxa cuantificación e dispoñibilidade figura na documentación que conforma o expediente.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos en termos do SEC-2010) que conforman a modificación orzamentaria son os que se relacionan, que afectan ás Áreas de Fomento, Deportes e Patrimonio.

TERCEIRO.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, a modificación orzamentaria definitivamente aprobada, será inserida no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos.

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Mayo
Legislatura: Mandato 2019-2023
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Martes, 4 de Mayo de 2021 09:59:18
Fecha Fin : Martes, 4 de Mayo de 2021 10:22:17

Duración : 00:22:59

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3069

- Media -----

[1] Windows Media Video 1280x720 16:9, 306 MiB (Video)

SHA512 -

c616a4743b7ea539be4788ea13241e6ae5d730f9b67b22e9b544b760b53e587bd7cbf8c
32045622c64a980bd064f6eba00eda20992fa3ff2caf0edfb3bab08f7

- Minutaje -----

00:00:01 - Asistentes : Rivas González, Ángel; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Lago Barreiro, María del Carmen; Fernández Pérez, José Manuel; Iglesias González, Ana Laura; Marco González Castillo, Jesús; Méndez Fuentes, Oriana; Rodríguez Calviño, Patricia; Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; Losada Álvarez, Abel; Lopéz Font, Carlos; Aneiros Pereira, Jaime; Blanco Iglesias, María Eugenia; Gómez Díaz, Gorka; Aguiar Castro, Yolanda; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Pérez Correa, Rubén; Pérez Igrexas, Xabier; López Román, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María.

00:00:43 : **1. Ratificación da urxencia**

00:00:50 - Votación [10:00:08]

00:01:31 : **2. Aprobación definitiva da modificación orzamentaria Nº 23/2021 Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario financiado con remanente líquido de Tesourería. Expediente 830/441 (Rexistro Pleno 2922/1101).**

00:01:42 - Aneiros Pereira, Jaime

00:06:20 - Caballero Álvarez, Abel

00:06:24 - Pérez Iglesias, Xabier

00:08:25 - Caballero Álvarez, Abel

00:08:30 - Pérez Correa, Rubén

00:13:37 - Caballero Álvarez, Abel

00:13:47 - Marnotes González, Jose Alfonso

00:18:47 - Caballero Álvarez, Abel

00:18:52 - Aneiros Pereira, Jaime

00:22:01 - Caballero Álvarez, Abel

00:22:12 - Votación [10:21:32]

00:22:59 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas e quince minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 2/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.
am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda